

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 8 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como das exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores do concurso-oposición para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Mediante Resolución do 22 de decembro de 2016 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 6, do 10 de xaneiro de 2017) convocouse concurso-oposición para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social.

Por Resolución do 31 de marzo de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 70, do 10 de abril) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que os tribunais cualificadores do concurso-oposición serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao día da data de realización das probas e para este efecto publicárase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar, con carácter definitivo e por categoría, a relación das persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como das exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Segundo. A lista coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realiza-



ción do exercicio de lingua galega, poderase examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan, para cada categoría, no anexo desta resolución.

Cuarto. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Quinto. De conformidade coa base 6.3 da Resolución do 22 de decembro de 2016, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: mh8rcj97-iw16-d217-xnw2-0r3kogmgoxw9





ANEXO

Técnico/a especialista de Sistemas e Tecnoloxías da Información			
Presidente/a titular	García Navas, Javier	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información
Secretario/a titular	Castelao Boga, María	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	Martínez Castro, Francisco José	Persoal funcionario grupo C. Escala sistemas e tecnoloxías da información	
Vogal titular	Mosquera Mato, Diego	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal titular	Rodríguez Fernández, Dulce María	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Presidente/a suplente	Pintos García, Manuel Anxo	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Secretario/a suplente	Alonso Padín, Luís	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal suplente	García Dieste, José Javier	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Puga López, Rosa	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Rimada Mora, Dolores	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Técnico/a de xestión de Sistemas e Tecnoloxías da Información			
Presidente/a titular	Tombo Guerner, Francisco Javier	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Secretario/a titular	Ríos Carro, María José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	López Pérez, Luis Ricardo	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal titular	Blanco Prado, M.ª Jesús	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal titular	Villar Mantiñan, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Presidente/a suplente	López Pérez, Óscar	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Secretario/a suplente	Castelao Boga, María	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal suplente	García Vallejo, Ana Isabel	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	González Pérez, Juan Manuel	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Montero Santoveña, Gustavo Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Traballador/a social			
Presidente/a titular	Caballero González, María Emma	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Secretario/a titular	Martínez Blanco, Ramón	Persoal funcionario do corpo superior de administración da Xunta de Galicia	
Vogal titular	Álvarez Bouzas, José Antonio	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social





Vogal titular	Méndez Rodríguez, Rosa	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Vogal titular	Rodríguez Vázquez, Purificación	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Presidente/a suplente	Pereira Moreno, María Belén	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Secretario/a suplente	Rios Carro, María José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal suplente	Abeal Abeledo, María Xesús	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Vogal suplente	Fernández Fernández, María Luisa	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social
Vogal suplente	Fernández Méndez, María Sagrario	Persoal estatutario de xestión e servizos	Traballador/a social